

MANIFESTO CIENTÍFICO

OUTRA POLÍTICA AMBIENTAL É POSÍBEL

Pedro De Llano, Catedrático de teoría e representación da Arquitectura • Eduardo García-Rodeja, Catedrático de Edafología • Javier Gutián, Catedrático de Botánica • Augusto Pérez-Alberti, Catedrático de Xeografía • Victoriano Urgoiti, Catedrático de Zooloxía Mariña

Un repaso á situación ambiental de Galiza a través da prensa nos últimos meses mostra un panorama tranquilizador. A conciencia ambiental dos galegos medrou, os turistas valoran de forma prioritaria o noso patrimonio natural e os efectos de catástrofes pasadas case desapareceron. Porén, os que hoxe asinamos este texto –e sen dúbida moitos outros cidadáns– somos conscientes de que o mapa ambiental de Galiza é un catálogo de actuacións desastrosas debuxado á custa do noso patrimonio natural.

Nos últimos tempos a paisaxe galega ten sufrido unha crecente e tolerada destrucción. A eliminación dos seus elementos tradicionais –o entramado parcelario, a rede ancestral de camiños, as sebes e os muros– e o absoluto desprezo da arquitectura, unidos á desaparición dos nosos bosques autóctonos e á proliferación de plantacións converteron o noso territorio nun desastre.

Os solos non merecen ningunha atención e o seu uso inadecuado privámos dun recurso vital. Ríos e regatos son considerados únicamente desde unha perspectiva mercantilista. Mientras, a política de augas continentais limitase ao encoramento e á construcción de minicentrais, de xeito que se arrasan non só os cauces senón tamén as riberas e formas de modelado que xeran, como por exemplo rápidos e fervenzas.

No litoral a situación non é diferente; as áreas costeiras vense como terrenos urbanizábeis onde proliferan paseos marítimos, estacionamentos, portos deportivos e piscifactorías. Comunidades biolóxicas mariñas son sepultadas por innumerábeis recheos que alteran a dinámica das augas modificando as correntes, ao tempo que a contaminación no mar increméntase exponencialmente como consecuencia do vertido de todo tipo de residuos.



Alberto SR

Como alternativa preséntasenos unha política de conservación da natureza puramente propagandística. Pero o máis grave é que para iso vulnérase reiteradamente o marco xurídico vixente (véxanse por exemplo as actuacións nos *"Espazos en réximen de protección xeral"*) ou utilizanse como respaldo órganos de control ambiental absolutamente dependentes da administración, como a Comisión Galega de Medio Ambiente.

Desde campos de especialización diferentes, cinco catedráticos das Universidades galegas coinciden nun diagnóstico pesimista da situación ambiental de Galiza, e reclaman unha actuación sobre a totalidade da nosa comunidade autónoma que ordene a actividade urbanística, a política de industrialización e dotación de servizos, e defina criterios para a correcta protección do medio natural

aproveitamentos hidroeléctricos dos nosos ríos.

Fronte a esta realidade, nós pensamos que Galiza pode e debe ser pensada no seu conxunto. Que desde unha perspectiva de ordenamento integral do territorio, é imprescindible unha actuación sobre a totalidade da nosa comunidade autónoma, que ordene a actividade urbanística e a política de industrialización e dotación de servizos, á vez que defina uns criterios para a correcta protección do medio natural. Unha actuación que, desde o profundo coñecemento de cada caso, declare áreas protexidas que garan- tan a defensa do noso patrimonio ecolóxico e proporcione un adecuado aproveitamento dos recursos.

Cando comezamos un nacente tempo histórico, a era da revolución dixital, o deseño dunha política ambiental ligada ás peculiaridades da nosa paisaxe e ás novas circunstancias tecnolóxicas e culturais é un obxectivo imprescindible.

Desde campos de especialización diferentes partillamos o diagnóstico pesimista da situación ambiental de Galiza. En contra da tendencia actual, compartimos tamén a idea de que a nosa obriga como cidadáns e científicos é darmos a coñecer a nosa posición. Mais alá da propaganda, cremos que é un bo intre para lembrar que a política ambiental debe converterse nunha prioridade impregnando todas e cada unha das accións de goberno. Mais, de forma especial, queremos lembrar que *outra política ambiental é posíbel*; o futuro de Galiza depende en boa medida diso.

Por non falarmos da invocación de estudos de impacto ambiental, de obxectividade cuestionábel e carácter puntual, que ignoran o efecto multiplicativo do conxunto de actuacións que se realizan nun territorio. Exemplos significativos son os casos relacionados con parques eólicos, recheos marítimos ou